

Núm. 99

Tomo 9.

# nós

CASTELLÁS



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso P. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península	8'00 pesetas.
Fora da Península	8'00 >
Número solto	0'70 .

NOTA

Este boletín non publicará máis orixinás qu'as que fácan directamente solicitados pola Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

MEU CORAZÓN..., por AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO.  
A MEDICINA E A SUPERSTICIÓN, por VÍCTOR LIS QUIBÉN.  
A MULLER NO CANCIOEIRO GALEGO, por XAQUÍN LOURENZO FERNÁNDEZ, (proseguimento).  
ARQUIVO FILOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZA.  
OS HOMES, OS FEITOS E AS VERBAS.

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Dicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIV ★ Ourense 15 de Marzal do 1932 ★ Núm. 99

## M E U   C O R A Z Ó N . . .

**M**EU corazón é un río, silencioso e profundo,  
por onde escorre toda a ternura do mundo...

I-o Amor...

I-a Doce...

Veñen matar a sede a él os paxariños.

I-os seixos brutos dos camiños.

I-as froliñas sedentas das estrelas.

I-as brancas bidueiras, con follíñas marelás...

Meu corazón é un río, silencioso e profundo.

con ceos lá no fundo

e arbres que crecen para alén do mundo...

Unha noite —maguada— veu afogar-se a lua...

Coma unha pomba morta, esmaída, fluctúa  
n-un remanso de sombras, entre nelumbos brancos...

Unha inmensa saudade, na barquiña d-un verso,  
vai boiando, mansiño, para alén do universo...

AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO



## A MEDICINA E A SUPERSTICIÓN

Por VICTOR LIS QUIBEN.

**N**A miña modesta práutica profesional, topeime moitas veces ante as consecuencias que nos nosos aldeáns i-en algún máis que presume de culto e sabido, producen a práctica dos remedios supersticiosos. E contán-dolle un día ó gran Castelao o que me tiña sucedido con unha enferma que tiña unha *belida* (úlcera de córnea) que por bendecirlla unha veciña e non seguir os meus conseños quedou cega, apuntoume a idea de que recollese canto pudese sobre estas cousas, por si algún dia me topaba con forzas suficientes pra publicalas e non solo co obxeto cultural de desterrar dos nosos paisanos esas perxudiciaes manipulacións que tantos danos lles ocasionan, senón tamén co de contribuir na medida das mifias pobres forzas a enriquecer o noso folklore con algo que, por desgracia, está abandoado.

Levo recollidas, ata oxe, unhas 680 papeletas referentes unhas á enfermedades e remedios e outras á lugares, eirexas, fontes, pontes, cruceiros, ríos, etc., etc.) que teñen virtude curativa e más amplia sería a miña labor se topase o apoio necesario nas persoas ás que lle pedían protección e axuda.

### COMO TRATAN OS NOSOS PAISANOS A ERISIPELA

D'entre as cousas recollidas, unha das más interesantes pol-o estendida que está é a que se refere ó tratamento da *Erisipela*.

Según que se trate de unha Erisipela da cara ou localizada chámantelle Dicipela, Toupa, Drisipa, Disipela, Dicipelina, pero si non é de unha forma corrente e vulgar e tende á estenderse, labrar, din eles, entonces chámantelle Disipela e Maldad, Dicipelón, Deci-

plen, Mor ardente, e cando se descama o coiro e tende á ulcerarse, entónces chámantelle Ucera, Urcera, Mucera, Micera. Os nomes son diferentes según os sitios e a forma como se presenta.

Pol-o xeneral, conocen ben esta enfermedade, pero moitas veces confúndena co Fogo Salvaxe.

Hay tamén en todal-as aldeas determinada persoa que se adica á bendecir a Erisipela e casi é corrente que sexan persoas d'unha misma casa as que fagan e seípan as oracións, por que como lle produce cartos, procuran non enterar ós de fora e enséñano de pais á fillos.

O tratamento é diferente, según sexa unha deciplina, un deciplen ou unha úcera, pero como á veces non saben facer o diagnóstico diferencial, emplean o mesmo procedimento pra todol-os casos.

### TRATAMENTO DA DECIPLA

Fano á base de uncións e describindo cruces ou círculos sobre a parte enferma, con obxectos diferentes e valéndose de hisopes e de líquidos distintos en todol-os casos e pronunciando un ensalmo que no principio e no fin é casi sempre igual, pero no medio é diferente porque se refire ó hisope e ó líquido en que se molla pra bendecir, que tamén é diferente.

Véxanse estas catro papeletas recollidas en Viascón (Cotovade) Pontevedra, en Toiriz, Carbia (Pontevedra) e en Bastavales, Santiago (Coruña).

Di a primeira: «N-un prato pónse un pouco de aceite con unha mecha prendida, móllase n-el un güedello de lan zudre de animal vivo

e ó mesmo tempo que se fan cruceis sobre a parte enferma e despois de santiguar-se dinse estas palabras:

Pedro Pablo foy a Roma  
con Jesucristo encontrou  
Jesucristo lle preguntou  
¿Pedro Pablo que hay alá?  
hay moito mor, erisipela e mortaldá.  
Pedro Pablo volve alá  
que lle den con aceite de oliva  
e un gedello de lan viva  
que non goldraria,  
e non labraría  
pol-a gracia de Dios e a Virgen Maria.  
con un padre nuestro e un ave Maria.\*

Esta operación fána unha vez por día e durante nove días.

Dí a segunda: «Cóllese unha navalla de aceiro e se é de barba moito mellor e co-a punta fanse riscos ó rededor da parte enferma e ó mesmo tempo dinse estas palabras;  
A perniña de (Fulano de tal)  
moi lastimosiña está  
de coitas e rabias  
e nacidas bravas.  
Se eres branca  
Dios te parta.  
Se eres negra  
Dios te fenda.  
Se eres rubia  
Dios te confunda.  
Un padre nuestro e un ave maria.»

Rezan estas duas oracións e fan esta operación tres veces por día e durante nove días.

Dí a terceira: «Cóllese un grán de trigo e fanse con él tres cruces enriba da parte enferma e ó mesmo tempo dinse estas palabras:

Disipeliña tent'en tí  
como Cristo se tuvo en sí  
non crezas  
nín aborreças  
nín fagas cousas que mal parezas.  
Con el poder de Dios y de la Virgen María  
un padre nuestro y un ave maria.»

Rezan estas duas oracións.

Unha vez terminado, pónse o grán nun prato con auga. Fáise esta operación durante nove días, e todolos días úsase un grán

diferente, e ó termiñar hanse de ver nos gráns as bechas da erisipela».

Vese que nestas catro papeletas fanse as manipulacións durante nove días, e mentres na primeira e na última fánsen unha vez sola ó dia, na segunda fanse tres. Así mesmo o obxeto de bendición é diferente tamén, pois mentres na primeira fáise con un guedello de lan zudre mollado en aceite e na terceira un grán de trigo, que despois se mete en auga, na segunda váleso solo de unha navalla, sin necesitar líquido algún. Así mesmo vése tamén na primeira papeleta que o ensalmo cita o obxeto con que se bendice e o líquido que se emplea, o igual que veremos máis adiante ó falar dos ensalmos correspondentes ó deciplón e á ucera.

#### TRATAMENTO DO DECIPLÓN

Danlle tamén outros nomes, como dixen ó principio d'este artigo, e mentres nas aldeias da veira do mar lle chaman Disipela e Maldad, nas do interior Mor ardente, sendo este nome e o de Deciplón o que baraxan con más frecuencia ó falar d'esta forma de Erisipela.

Tamén fan o tratamento á base de uncións en forma de cruz, ou describindo círculos, e en todolos casos pronuncian un ensalmo e válense de un líquido pra bendecir e de un hisope, mentres no último se valen dun pedazo de unto,

Véxanse estas cinco papeletas recollidas en San Xurxo de Sacos, Cotovad (Pontevedra), de un artigo de Paz Varela publicado en «El Pueblo Gallego» de fecha 25 de Xullo de 1924, Na Moureira, San Roque (Pontevedra) en San Xurxo de Sacos, Cotovade (Pontevedra), i-en Viazcón, Cotovade (Pontevedra.)

Dí a primeira: «Móllase en auga bendita un ramo de carrasco e con él fanse cruces sobre a parte enferma decindo ó mesmo tempo:

Pedro Pablo foy a Roma  
con Jesucristo encontrou  
Jesucristo preguntou  
¿Que hay de novo pol-a vita?  
Hay deciplina e deciplón  
mezclando con mor ardente  
pois baite por auga da fonte

e carrasco do monte  
que con eso curarás  
pol-a gracia de Dios e da Virxen María  
que influirán  
pra que este mal non vaya pra riba».

Faise esta operación unha vez por dia  
e durante tres días seguidos.

Papeleta número dous: (Dicipela, Discipón. Recollida dun artigo de Paz Varela, publicado en «El Pueblo Gallego» de 25 de Xullo de 1924) «En ayunas e durante nove días clásicos se practica unha unción da zona inflamada con aceite recollido da lámpada do Santísimo Sacramento. É de rigor emplear un hisopo formado por una rama de brezno e lana ludrosa de carneiro. Fánse as uncións en cruz e dise:

Pedro Pablo foy a Roma  
con Jesucristo encontrou  
¿De donde ves Pedro Pablo?  
venido de Roma.  
¿Que hay en Roma?  
Discípula e discipón.  
¡Volve atrás Pedro Pablo!  
atallalo con pau do monte  
lana ludrosa  
e aceite do Santísimo Sacramento  
(Padre nuestro, ave maría e gloria patris)

Se a erisipela é facial basta bañala con sangre fresca recollida directamente da cresta dun polo negro e se non o hai d'unha galifa do mesmo color. En vinte catro horas non debe lavarse a cara. É creencia xeneral de que o remedio produce unha especie de vacunación».

Papeleta número sete: (Discípela e Maldad. Recollida na Moureira-San Roque, Pontevedra) «Cóllese un pouco de aceite limpio (sin usar) un pouco de xunclo de monte (do que se fan as sillas de palla) tres pauciños, tres follas de oliva e tres poucos de lan de ovella viva. Con estas tres cousas faise un hisope que se molla no aceite de cada vez que se bendice e fanse tantas cruces por arriba da drisipa como dá tempo a decir:

Pedro Pablo foy a Roma  
con Jesucristo encontrou  
Jesucristo lle preguntou  
¿Pedro Pablo que hay por alá?  
Hay discípela e Maldad  
que morre a xente dela

Pedro Pablo volve alá  
que lle dea con herba do monte  
aceite e oliva  
rezándolle un padre nuestro  
e un ave maría.

Rézanse estas oracións e repítense a operación tres veces no día e tres veces cada vez e durante tres días. Se dá a casualidade de empezar en domingo antes da misa das cinco da mañan faise solamente nove veces seguidas».

Papeleta número oito: (Discípela, Mor ardente. Recollida en San Xurxo de Sacos, Cotovad (Pontevedra).

«Nun pocillo ou n-un prato bótase un pouco de aceite de comercio, xabró-virxen raspado (sin lavar na fonte) uns grans de anis e un pouco de unto. Con un ramo de carrasco do monte faise un hisope e con él fanse cruces sobre a parte enferma bendecindo nove veces e decindo mentres se fai unha cruz; Jesús, en el nombre del padre, del hijo y del espíritu santo, amén Jesus.

Pedro Pablo foy a Roma  
con Jesucristo encontrou  
Jesucristo lle preguntou  
¿Qué hay de novo por esa vila?  
Pois hay discípela, con diciplón e mor ardente  
con carras do monte  
aceite e xabron  
todo curarás  
e todo sanarás  
con un ave, ave maría.

En este momento rezan a ave María o enfermo e mail-o que bendice. Si esto se fai o domingo antes da misa primeira faise unha vez sola en vez das nove que corresponde.»

Papeleta número nove: (Recollida en Viascón-Cotovade, Pontevedra). «Cóllese un pedazo de unto e mollase en auga d'unha fonte que non seque e fanse nove cruces sobre a parte enferma e ó mismo tempo dinse as palabras seguintes:

Con augua corriente  
e unto paciente  
co-a gracia de Dios  
e a virxen María  
un padre nuestro  
e un ave maría.

Fanse tres veces por día e durante tres días».

Nestas cinco papeletas vése que as uncións fánse sempre en forma de cruz, e mentras na cinco e na nove o líquido que emplean pra bendecir é a auga, unha auga bendita e na outra dunha fonte que non seque (de arroyo virxen chámantelle n'outros sitios) na seis, sete e oito, é o aceite, e vese misto un marcado sabor relixioso, refrexado non solo por ter que ser a auga bendita (cinco), aceite da lámpara do Santísimo Sacramento (seis), aceite virxen (sete), aceite e xabréon virxen (oito) e auga dunha fonte que non seque (nove), senón tamén unido ó espírito dos salmos e ás oracións que rezan ó terminar, e, sobre todo o dato señalado (sete e nove), que se empeza en domingo antes da misa primeira, redúcense as veces que hai que practicar o tratamento, como dándolle máis valor curativo,

É básico n'estas papeletas as uncións o ensalmo e o rezo, vindo á ser das que se conservan más puras e vese como utilizan o carrasco como hisope e como líquido o aceite, como se buscasen n'iste a sua acción lubrificante.

O número de veces é o crásico de nove e tres, sendo a más frecuente a primeira. Na papeleta cinco, sete, oito e nove, tres veces ó dia durante tres días, e na seis e oito, durante nove días, pero vese como nas tres primeiras buscan a suma do número nove ó ser tres en tres días, e nas outras xa o emprean directamente,

Tamén se ve craramente n'estas cinco papeletas que mencionan no ensalmo o líquido que emprean e o hisope, e así falan de auga aceite, xabréon, etc., etc.

Hei de facer notar que un dos ensalmos que se conserva más puro é este que se refire á Erisipela, pois outros vánse desfigurando, non solo porque se perden e se esquecen, senón tamén pol-a aición dos curandeiros que foron á América, que despois de aprendelos, danlle forma diferente para poder achacarse sua paternidá. De todos modos vaise perdendo a pureza d'estas cousas non solo vista na mistificación das frases e maniobras, senón tamén na apricación, pois téñolle oido decir á moitos vellos que as oracións sempre as rezaban o enfermo e o

que bendice (oito) e en cambio agora solo reza este último.

#### TRATAMENTO DA UCERA

Cando a praca da erisipela está moi infamada e o coiro está moi tirante e tende á ulcerarse e descamarse, entonces é cando lle chaman Ucera, Urcera, musera e poñen en práctica un tratamento diferente de antes. Esta forma sábena distinguir moi ben das outras duas de Deciplina e Deciplón, pero en cambio confúndense n'estas duas e emprean o tratamento de calquer modo, pero n'esta sábeno emprear no caso preciso.

Tamén n'esta forma emprean as uncións e ensalmos e oracións, sendo típicos pol-a diversidade e diferencia.

Papeleta número dez: (Cera Micera. Recollida en San Xurxo de Sacos, Pontevedra)

\*Fáise un hisope con tres gomos de entrugas, tres de fiuncho e tres de silva. N'unha cunca de freixo bótanse nove pingueiras d'aceite, nove de auga, nove de viño e nove arecas de sal. Collese o hisope e ó mesmo tempo fáise a señal da cruz, móllase no contido da cunca e fanse tres cruces por donde teña o mal, mollando o hisope de cada vez e decindo ó mesmo tempo:

Ucera, micera  
que no monte andache  
e no mar pescache  
vaite a aldea  
¿a que?

a bendecir  
¿e con que?  
con aceite, sal, viño  
e augua da fonte moral.  
Pol-a gracia de Dios  
e a Virxen María  
con un padre nuestro  
e un ave maría».

Rezan estas duas oracións de cada vez que pronuncian o ensalmo e fan as cruces, e fan nove veces ó dia e durante nove días.

Papeleta número once: (Ucera, Mucera. Recollida en San Xurxo de Sacos-Cotovad, Pontevedra) Collese o rosario bendecido co que se vai á misa e ponse de rodillas o que ha de bendecir'se o enfermo esta á pe e sentado na cama se está deitado. Fanlle cruces

co rosario sobre a parte enferma e ó mesmo tempo dílle estas palabras:  
 Ucera, mucera  
 vaite d'ahi  
 que os de esta casa  
 non te queren aqui.

Rézase un Ave María e faise esta operación nove veces. Repítense esta operación sobre a cabeza do enfermo e despois tirase o rosario ó chan e hacia atrás. Déixase estar no chan e mentras tanto cóllese un coitelo e pásase por entre os dedos dos pes e pronuncianse as mismas palabras de antes; enseguida cóllese un anaco de pan e dínselle nove cortes, pero antes de cada corte é condición precisa pasar o pan por riba da cabeza do enfermo e ó mesmo tempo pronunciar as palabras ditas antes. Unha vez terminado, tirase o pan hacia atrás e xunto ó rosario e collense estas duas cousas xuntas. O pan gárdase hasta que se vexa un can, sendo condición precisa que o coma e que non entere, senón non cura o enfermo. Esta operación hai que repetila durante nove días e si se empeza en domingo antes da primeira misa, non é necesario facer as outras restantes.

Papeleta número doce: (Uceras. Recollida en Cerponzones, Pontevedra) Cóllese un ramo de olivo e móllase n'unha mezcla feita con viño, aceite, sal e auga, e con él fanse uncións en forma circular sobre a parte enferma e pronuncian as seguintes palabras:

Tres homes santos van  
 por un camiño adiante  
 Jesucristo encontraron  
 Jesucristo lles dixo.  
 ¿homes santos que buscás?  
 imos ó Monte Calvario  
 pra buscar herbas pra bendecir  
 uceras, cirros e cánceres  
 mores e todos los males que se fachen  
 todo ésto cercaremos con la onida.  
 viño de viña  
 aceite de oliva  
 sal do mar  
 augua da fonte tornar  
 pra que este mal non coma

nin beba nin retoñe,  
 nin por frío nin por xiada  
 nin por calquier tempo que vala.

Rezan un Padre Nuestro e un Ave María, e fano unha vez por día e durante nove días.

Nestas tres papeletas vése que en duas fanse cruces e na outra fanse riscos e na dez e na doce, citase tamén no ensalmo o líquido que se emprega pra mollar o hisope, e así mesmo o número de veces é de nove días, sendo de resaltar a once, na que se ve o dato importante de que si é en domingo antes da misa primeira, solo se fai unha vez. O aceite anda tamén sempre de por medio e na once recúrrese ó rosario pra facer certas maniobras e así mesmo é sempre o consabido nove o número de veces que hai que cortar o pan. Son crásicas as bendicións e o ensalmo como n'esta papeleta e unha vez más vese ó través d'elas o influxo da relixión marcado en moitos datos que xa fixen resaltar. A doce, tal vez teña más aplicacións, porque fala de cirros e cánceres, pero de todos modos puden comprobar que a poñen en práutica nas formas ulceradas de esta enfermedá. En Lobios-Bande (Orense), puiden recoller unha papeleta, na que se ve que curan a erisipela do mesmo modo e nas tres formas, i é poñendo sobre a parte enferma a pranta do pé d'unha muller embarazada. É esta unha modalidá que desconocía e que hei de precurar buscarlle relación coas outras formas de curalla, que puiden recoller por esta provincia de Pontevedra.

O que é verdadeiramente vergonzoso é que haia quen faga ainda estas cousas e que tratándose de unha enfermedá de tipo infeccioso, ainda poidan coidar que se cura d'esta maneira. Non hai más remedio que entabrar unha aitiva campaña de cultura, pero ó mesmo tempo pódese ir recollendo o que chegue ás nosas mans, pra conservalo co carácter folklórico que teñen estas cousas. Ese é o meu pensamento: convencer ós enfermos das parvadas que queren facer e recoller, por outro lado, o que se vai perden-do coa misión antes mentada.

# A MULLER NO CANCIOEIRO GALEGO

POR XAQUÍN LOURENZO FERNÁNDEZ

(Proseguimento)

E finalmente ésta, fermosa cantiga que parece feita por un dos nosos anteriores sábentes:

Ven acá que eu che direi  
a causa de ser morena;  
estou adorando o sol  
e os seus raios me queima.

Algunhas confórmanse coa sua fada de seren morenas:

Miña nai, casade ás fillas,  
eu serei a derradeira;  
como son más moreniña  
levarei mais unha leira.

Outras disimulan o seu despeito e finxen non lle dar importancia á sua coor:

Anque che son moreniña  
non che me pesa por eso:  
na feira todo se vende,  
cada cousa no seu precio.

Chamáchesme moreniña  
e non me asañei por eso;  
na feira todo se vende  
cada cousa no seu precio.

Algunha faino con mais disímulo:

Traguel-o sombreiro baixo,  
ben-o podes ir erguendo;  
anque che son moreniña  
eu a ti non che me vendo.

Chamáchesme moreniña,  
eche do polvo da eira;  
inda ti no-el o galán  
que me guindas na guindeira.

Outras teñen mais crara noción do seu valer de nenas morenas;

Chamáchesme moreniña,  
branquiña, vaite lavar:

disme que non teño amores  
aínda chos podo emprestar.

—  
Chamácheme moreniña,  
picadiña das vixigas;  
anque che son moreniña  
sonche a fror das raparigas.

As mesmas mulleres confórmanse co gusto dos homes e teñen afán en non ser morenas, botándollo en cara ás outras:

Moreniña coma min,  
vaite lavar o pilón,  
que anque te laves e laves  
moreniña es de nación.

Mais como en todo, non fallan os que prefieren ás morenas:

Disme que te queima o sol  
eu digo te fai fermosa;  
manzalha moi sombriza  
nunca foi a mais sabrosa.

—  
Morena do bon donaire,  
do bon donaire morena,  
morena do bon donaire,  
sácame de esta cadea.

—  
Moreniña, por morena  
teñoche o olio botado;  
has de ser miña muller  
ou non hei de ser casado.

É hainos que creen que o seren morenas,  
disculpa todo o demais:

Non te quero por bonita,  
que xa sei que non-a es;  
quérote por moreniña  
e pol-a lei que me tés.

—  
Non te quero por ser rica,  
que xa sei que non-a es:

querote por morenifa  
e pol-a lei que me tés.

Conformes.

Tamén algunha moza, finalmente, ve o  
que val o ser morena:

Quedache de vir ás nove,  
víñeches ás nove e media:  
ti non sabes que é pecado  
engañar á unha morena.

Tamén conformes.

Na cara, é tamén a coor roxa a que mais  
partidarios tén:

— Dime con que auga te lavas  
pra tel-os papos roxiños.  
— Lávome con auga fresca  
da que mais corre no río.

—

Non vin rosa mais fermosa  
nin clavel mais encarnado  
nin cara mais feiticeira  
como a que teño ó meu lado.

—

Encarnadiña da cara,  
delgadiña da cintura,  
mándache moitas memorias  
o capitán da falúa.

—

Non te queró, non te quero,  
que tés a coor da auga;  
se foras coloradiña  
eu te quixera na alma.

Craro está que os que prefieren ás roxas  
están espertas ó que iste mozo:

Enamoreime de noite  
de unha nena panadeira,  
que coas calores do forno  
foise tornando morena.

E elas teñen medo á perder ista coor que  
tanto mérito lles dá:

Non me case, miña nai  
co ferreirín da porta,  
que me queiman as muxicas  
a miña cara de rosa.

Eu caseime na montaña  
co fillo de un montañés:  
colores, miñas colores,  
na montaña quedarés.

Tamén a coor branca na cara é bastante  
apreciada:

Á tua porta, miniña,  
está a lua parada,  
que se parou á mirar  
a brancura da tua cara.

—

Criate, vaite criando  
rosa branca no xardin;  
criate, vaite criando,  
que te crias para min.

Somentes duas cantigas temos que fagan  
referenza á forma da cara:

Esta aldea de Pravio  
moito viva quen a honra;  
vivan as nenas solteiras  
co-a sua cara redonda.

—

Si ti queres e eu quero,  
nena da cara redonda,  
si ti queres e eu quero  
un banco ben nos abonda.

E somentes unha da coor dos beizos:

Tés os beizos tan bermellos  
como a perdiz ten os ollos;  
se o teu amor non é firme  
ben podes falar con todos.

Tamén, como en todas partes, hai a cos-  
tume de comparar a cara das mozas coas  
frores:

Corre a auga do meu peito  
por un cano de marfin,  
para regar esta rosa  
que teño ó lado de min.

—

Deloríñas foi á fonte  
buscal-a fror do pixel;  
non se chama Deloríñas,  
que se chama caravel.

Miña nai é unha rosa  
eu son filla da roseira;  
como me hei de apartar  
da rosa que tanto cheira?

Na cantiga galega tamén se atopa a ridiculización dos defectos da muller:

Eres goapa como un pote,  
negra como a gramalleira;  
anque andes dia e noite  
no-has de encontrar quen te queira.

Eres alta como un ovo,  
redonda como unha noz,  
branca coma o chiculate,  
*buenas noches nos dé Díos.*

Merescen unha especial atención os ollos das mulleres ós nosos mozos. Hainos que parez que non reparan n-outra cousa:

De Outeiro pra Follente  
métese o río no medeo;  
de os ollos de unha meniña  
hei de facer un espello.

Solo por ver os teus ollos:  
que a sede moita non era,  
fun á fonte á beber auga  
debaixo de unha pereira.

Esos teus ollos meniña,  
son lancetas de sangrar:  
os meus che queren dar vida,  
os teus me queren sangrar.

O tamaño dos ollos, somentes o temos n-unha cantiga e non moi craro, certamente:

Os ollos de Ana María  
non son pequenos nin grandes:  
son como bolinhas de ouro  
de aquellas que ven de Flandes.

A sua coor, vemol-a en duas:

Ollos verdes son celosos,  
os negros son churrusqueiros,  
pero eu quero os azules  
que son mais namoradeiros.

E mais craro, n-esta outra:

Os ollos brancos son falsos,  
os negros namoradeiros,  
vivan os ollos castaños  
por firmes e verdadeiros!

Tamén algúns os queren negros:

Que os teus ollos son negrífios  
inda ahora reparei;  
se mais antes reparara,  
non amara a quen amei.

De acordo coa corta estatura tradizional da nosa raza, a muller quer ser más ben pequena que grande:

Así algunas cantigas gaban ás de pouca estatura:

O caravel que é pequeno  
tamén tén pequena sombra;  
á mininha que é pequena  
pouquinho dote lle abonda.

Sardinha de chan e lombo  
case brinca no panel;  
pequeninha, redondinha,  
así quer ser a muller.

N-unha cantiga parez verse que se lle cha-  
ta á unha o ser baixa, mais non como defec-  
to grave:

Anque ela é pequeninha  
tefioa para meu regalo;  
mais vale pequena e boa  
que grande si sale mala.

Non son partidarios os nosos mozos das  
delgadas. Ista coalidade, tan alaudada, n-ou-  
tros cancioeiros, atopa poucos partidarios  
no noso. En xeral, os mozos, sin gabar ás  
que son grosas, búrlanse das delgadas:

Eres alta como un pino,  
delgada como un chantón:  
quen te ha de querer a tí,  
demonio de lubión!

Delgadiña da cintura  
como a palla do centeo,  
tomadora do tabaco  
trael-a caiza no seo.

Tamén elas o teñen por defecto:

Chamácheme delgadiña,  
grandísima galdrumeira,  
se crebo pol-a cintura  
servirásme de atadeira.

Mocío tan fachendeiro  
que me chamache delgada,  
has de saber que non teño  
falta de tí para nada.

Anque n-algunhas cantigas tamén se gaba  
ás delgadas:

Delgadiña da cintura  
como a palla do centeo:  
chegache a mñ delgadiña,  
que non teño outro remedio.

Encarnadiña da cara,  
delgadiña da cintura;  
mándache moitas memorias  
o capitán da falúa.

Hai algunas cantigas nas que se alauda o  
donaire do corpo:

A tua cara é a Cruña,  
a tua garganta á audiencia  
e o teu mover de cintura  
o que pronuncia a sentencia.

Mira pra ela de lado,  
mira que ela é boa tipa,  
mira que corpo ben feito,  
mira que cara bonita.

Donairéate, meniña,  
donairéate, meu ben;  
dalle donaire a ise corpo.  
que o corpo donaire ten.

Temos duas, variante unha da outra, nas  
que se gaban os pés:

As meniñas de Boel  
pon o pé na auga crara  
non se lles quere avolver.

Ás mocíñas de Lobeira  
ninguién lles ten que decer:  
poñen o pé na auga crara  
que hastra o rei llo pode ver.

N-unha cantiga vemos ridiculizadas al-  
gunhas condicións físicas:

Roxiña e non do pelo,  
bonitiña e non da cara,  
feitiña e non das pernas,  
o teu corpo non val nada.

É tratada con especial predilección nas  
nosas cantigas a capacidade amatoria das  
mozas galegas. Unha costume xeral en Ga-  
licia, permite a unha moza ter varios mozos  
a un tempo. Os mozos transixen, mais non é  
pra eles prato de gusto, posto que atacan  
ista costume no cancioeiro:

Tantos novios que tiveche,  
si os tiveras xuntiños  
compririache unha casa  
6 menos de vinte pisos.

Eres unha e eres duas  
e eres tres e eres cincuenta  
e eres unha catedral  
onde todo o mundo entra.

Costureirinha doada,  
bonitiña costureira,  
como xa te queren tantos  
non haberá quen te queira.

Moza dos vinte mozos  
e connigo vinteún:  
xa te podes ir casando  
que te quedas sin ningún.

Non fallou quen lle dese a volta a iste de-  
rradeiro; supomos que sería unha moza:

Mozo de trinta rapazas  
e connigo trinteauna:  
si todas foran como eu  
quedábase sin ningunha.

Anque si todas foran como ela, todas fa-  
rian un número na lista amatoria do rapás,

pois ela, á pesar de ser como é, segue, pol-o visto, fagendo o número trinteún.

Hai varias cantigas nas que se fai mofa de isto, postas en beizos de muller, mais non crêmos que elas os fixeran todos.

Hainas que alardean de ter varios amores:

Cinco xustillos teño  
de diferente color  
e cinco amores tamén  
para escollel-o millor.

À portiña de meus pais  
teño unha silla de vidro,  
para se sentar os goapos  
que venen falar conmigo.

Eu teño cinco xustillos,  
todos cinco emballenados;  
tamén teño cinco amores,  
catro viven engañados.

Non che dou o sí de veras,  
nin digo que non tampouco,  
que ainda quero esperar  
a ver si me virá outro.

Anque me vexas con outro  
non te afrixas nin te asustes,  
que non hai Santo sin ter  
ó menos un par de luces.

Quen me quer comprar que vendo  
amores que xa olvidei:  
ó que me dea un real,  
vintecinco lle darei.

Un rapás espresa graciosamente a pouca  
confianza que ten na firmeza da sua moza:

Téñome de ir afogar,  
deixar a cabeza fora,  
para ver a miña dona  
de que galán se namora.

O feito dè se casar, non supón que as mozas pechen o seu peito a outros amores. Como a vida é, as veces, longa, queda tempo pra conformar a outros. Todo é saber agardar:

Meu amor, meu amoríño,  
eu sempre che hei de querer;  
casarás, viudarás,  
volverás ó meu poder.

Anque me vexas casada  
non me perdal-o cariño,  
que podo quedar viuda  
e mais casarme contigo.

Poida dar que ainda enviude  
e que me case contigo;  
ven acá, meu namorado,  
ven acá, meu queridíño.

Cantiga que tamén tén a sua apricación  
os mozos:

Ainda que case con outra  
non me perdal-o cariño,  
que pode ser que enviude  
e que me case contigo.

E hai mozas, pol-o visto, dispostas a *re-cunciar*:

Sete veces fun casada  
e sete homes rompin;  
casa conmigo, rapás,  
que nunca amor conosin.

A pouca firmeza das nosas rapazas, acha-se gráficamente cantado n-estas copras:

Os amores de muller  
sonche como os da galiña:  
en faltándolles o galo  
a calquer polo se arrima.

O corazón das rapazas  
eche campana de igresa:  
unhas veces toca a morto,  
outras repica nas festas.

Craro que con isto as mozas espóñense ó  
mesmo que aquellas outras:

Amores tiña trece,  
e marcháronme doce  
e pra un que me queda  
di que non me conoce.

Algúns mozos xa non lle dan importancia a non seren únecos:

Dame a tua man esquerda  
que cha' quero eu apretar,  
porque a tua man direita  
xa ti tes a quen lla dar.

En cambio hainos que non transixen con tanta facilidade. Vel-aqui dous que se non ven con boa cara:

Cando dous queren a unha  
e atópanse os dous presentes,  
un de eles apreta os beizos  
e outro rechina os dentes.

A algún mozo tenlle sin coidado e pagalle coa mesma moeda:

Tefio un amor na montaña,  
tefio un amor montañés;  
tefio un amor na montaña,  
na ribeira tefio tres.

No que hai unha unanimidade perfecta, é en criticar os manexos das rapazas pra pillar noivo. Os mozos queren, ante todo, naturalidade. Así aconsellan ás mozas que prescindan de *cebos* e se deixen ver ó natural:

Moza que estás na ventana  
coa punta do pano fora;  
se non me enseñal-a cara  
o pano non me namora.

Quitate de esa ventana,  
non seas tan ventaneira:  
taberna donde hai bo viño  
non necesita bandeira.

Pendientitos nas orelas  
maldita gala vos é:  
unha boa camisiña  
e o zapatiflo no pé.

A vanidade atópase nas nosas mulleres o mesmo que nas de todo o mundo. Condición tan inseparabel da muller, non podía fallar na nosa.

## NÓS

E esta condición é ridiculizada polos nosos mozos en graciosas cantigas:

Ven acá, miña miña,  
que eu che direi a verdá:  
non é tanta a fermosura  
como che é a vanidá.

Moito prâ misa da gaita,  
moito, nena, te compós:  
aventuro a que non é  
pol-a misa nin por Dios.

Eres nena de quince anos  
e xa te peinas á moda;  
non conozo teus caseiros  
para chamarte señora.

Almendrillas nas orelas  
tamén as ten o meu can:  
cando vai detrás das lebres  
sempre pensa que lle can.

Si tua nai quere reis  
na baraxa tenche catro:  
rei de ouros, rei de copas,  
rei de espadas, rei de bastos.

Ás nosas mozas góstalles que as gaben.  
Vede senon esta:

Ninguién a bailar me chama  
e morro entre sospirios;  
de que me sirve ser goapa,  
se non mo din os mocíños?

A esta outra, bástalle o dito de un mozo  
pra lle faguer perder a tranquilidade:

Chamoume un mozo fermosa,  
ogallá non mo chamara:  
que desde aquela sosego  
non tefio na miña alma.

Esta fermosa cantiga fala da ingratitudde  
de unha moza:

Estando enferma na cama  
un home por min chorou;  
agora, o home está enfermo...  
que chore quen o criou.

*(Continuare)*

# Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

## FOLKL-ORE DOS NENOS

As notas que van a seguidas pertescen á bisbarra de Cariño, Ortigueira, e débollas á bondade do ilustrado médico de aquil porto D. Alexandre Carreño.

*Pra acelerar o parto*, cando é pesado, vístese a muller con un chaleque de home, por paracerlle que de iste xeito aproveita millor as forzas. Ista observación foi feita no lugar de San Xiao.

*Cando a un recén nado o levan*, pol-a noite, de unha casa á outra, adoitan meterlle entre as roupas un dente de allo ou unha codia de pan, por mor das meigas.

*O berce non se debe facer ou mercar* de-nantes de ter nado o rapaz, pois caso de facelo non se logra a creanza.

XOSÉ RAMÓN FERNÁNDEZ

## ROMANCE DE REISES, NA PARRAQUIA DE GUIMAREI, DA TERRA DE TABEIROS

—Buenas entradas de reices  
tengan vuestras señorías.  
Vállame Nuestra Señora  
y la claridá del dia.  
—Caminando vai José,  
caminando vai María,  
tanto caminan de noche,  
como caminan de día.  
Habre las puertas puertero,  
puertero de puertería  
—Estas puertas no se habren  
hasta que relumbre el dia.  
—Estas puertas no se han de abrir  
que quiere parir María.  
Aun no parece esta noche  
ni la otra que venía,  
allá por la media noche  
la Virgen se halla parida  
—Tanta era su pobreza

que ni un pañuelo tenía,  
Bajó un angel del Cielo,  
ricos pañuelos traguía,  
unos eran de Holanda,  
otros de Holanda fina.  
En los altos cielos  
ricos castillos había,  
no los hizo carpintero  
ni hombre de artillería,  
que los hizo San José  
para la Virgen María.

—San Miguel hecha la rede  
por riba de San Bernaldo,  
toma niña ese pañuelo  
échame el aguinaldo,

(Recitouno Carmen Puente, de Guimarey de 70 anos),

A. CASTRO DONO

## A LENDA DA HERMIDA DE ARANGA

N-unha ocasión, unhas mulleres que pasaban de noite por preto de Aranga (Betanzos, Cruña) sentiron soar unha campaíña por baixo de terra. Foron entón onda o crego, que veu con elas e comenzaron á cabar hasta dar c-unha cruz de ferro con adornos de cobre e unha coroa de prata que tiña unha campaíña que era a que as mulleres sentiran tocar. Esta cruz parez ser que despois foi roubada ou vendidos algúns anacos.

No sitio en que estaba a cruz, comenzou a manar unha fonte, de augas miragreiras. Arranxada a fonte e feita unha hermida n-aquel sitio, orgaizouse anualmente unha romaría que ten lugar o día 3 de Maio.

À dita fonte, hermida e romaría fai referencia un cantar de por ali, que di:

Verdadeira cruz de Aranga  
que has de dar ós teus romeiros:  
auguia da tua fonte,  
sombra dos teus castilleiros.

XLAQUIN LOURENZO.

INVENTARIO DE UNHA CASA  
LABREGA DE SAN NICOLAS,  
CONCELLO DE FORCAREY,  
NA TERRA DE MONTES

O inventario que vai seguir foi tirado en Abril de mil novecentos e dez na ocasión da morte da dona e figura nas partillas feitas polos seus herdeiros. Interesa pola minuciosidade con que está feito, pois non se costuma facer relación dos trebellos da casa polo seu curto valor, senón adxudicárense directamente entre os coherdeiros sin necesidade de tasación pericial. A todo mais tásanse por xunto e axudicanse o continuador do casal petrucial. Conservamos as denominacións intactas e somentes traducimos os artigos do castelán pra o galego, idioma en que pódese decir está escrito o documento. Velaiquí os bens que había na casa no intre do pasamento da Sra. X. T. G.

*O relox.*

*A caldeira de cobre.*

*A machada e o machado*

*O balde grande.*

*O caldeiro de cobre.*

*A pota pequena.*

*Gadaña, martillo e zafra.*

*A galleta de ferro.*

*A chocolateira de cobre.*

*Unha bacenilla de porcelana.*

»      »      » *barro branco.*

*A lacena pequena.*

*A pedra de afiar.*

*Un banquiño.*

*Un cepo de madeira.*

*A touciñeira.*

*O pote.*

*Un angazo.*

*A escada.*

*Outro angazo.*

*A cama.*

*Outro angazo.*

*O martillo de gallus.*

*Os dous mallos.*

*A mesa de tres caixóns.*

*A medida de medio ferrado de centeo.*

»      »      » *cuarto de millo.*

*A artesa.*

*A lacena de sobre a parrumeira.*

*As duas romanás.*

*A sartén grande.*

*O balde pequeno.*

*A xofaina.*

*O adibal.*

*As guinchas.*

*As duas sombrillas.*

*A gramalleira.*

*Outro mallo mellor.*

*Un velón.*

*A drca grande.*

*A lacena dos ganchos.*

*O restrelo do liño.*

*Un tabolete de madeira.*

*Un cepo de madeira.*

*Dous bancos de cociña.*

*Unha trepía.*

*Os fuelles.*

*O escanil con tres caixóns.*

*Un banco de respaldo.*

*Unha sartén pequena.*

*Un pole mediano.*

*Duas potas mellores.*

*Un cesto de aro.*

*Un crucifixo.*

*A pâ de enfornar.*

*O vacil pequeno.*

*Un ladral.*

*O garrafón.*

*Un banco de respaldo mais vello.*

*Unha cama mellor.*

*A plancha das filloas.*

*O potiño mais pequeno.*

*Outra bacenilla de barro branco.*

*A palanca de ferro.*

*Outra pedra de afiar.*

*A sacha.*

*Duas arcas.*

*Unha manta farrapeira.*

*Os zapatos e os zocos da difunta.*

*O cobertor.*

*Unha manta.*

*Unha colcha e un cabezal.*

*Duascenas arrobas de erba.*

*Vinte de palla centea.*

*Catorce ferrados de centeo en gran.*

*Tres de millo.*

*Doce de millo da última colleita, e*

*Oito quintales de patacas.*

Moito se presta o inventario precedente pra facer comento respecto da nomenclatura de obxectos do uso cotián da nosa xente

campesía. Compre estudiar con todo amor os instrumentos de traballo dos labregos gallegos e o mobiliario de portas adentro. Chamamos v. gr. a atención en col da diferenciación dos obxetos do axuar polo seu xé-

noro e así compre facer diferencia entre o *pote e a pota, o caldeiro e a caldeira, o machado e a machada* que tan craramente aparecen no inventario copiado.

F. BOUZA BREY.

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

MATTOS, ARMANDO DE.—A «MERCÉ NOVA» DE LOPO RODRIGUEZ CAMELO, Coimbra imp. da Universidade, 1931, Separata do «O Instituto», 28 páxs. 4.<sup>o</sup> m.

Lopo Rodrígues Camelo, «escrivan da cámara real e da cámara do mestrado, comendador da Orden do Cristo, foi en Portugal fundador de un linaxe, cuyos comenzaos estuda o heraldista portugués n'este interesante opúsculo. O autor tira proveito de dous curiosos documentos do séc. XVI nos que o Rei D. Sebastián concede armas a Camelo en conmemoración do feito de ter tirado de un pasamento perigoso o propio monarca ó homeaxeado. O ilustre investigador observa o simbolismo das figuras concedidas á Lopo Camelo, como un verdadeiro namorado da cencia do blasón, e despois de estudar a xenealoxia dos Camelos, dá en apéndice os documentos que servirán de base. Un traballo modelo na sua especialidade,

F. B. B.

LA NOSTRA TERRA, Mallorca,  
Novembre, 1931.

SUMARI: *Estudis Balearics*.—*Casament per Novembre*, Josep Carner.—*L'Elefantó (de R. Kipling)*, Joaquín Verdaguera.—*Emilia Bernal a Mallorca*, Guillem Colom.—*Entorn de l'ortografia*, Francesc de B. Moll i Jaume Busquets.—*Cal alliberar-se de tot esperit academic (de Le Corbusier)*, Guillem Forteza.—*A. per la C. de Mallorca*, etc.

Desembre, 1931.

SUMARI: *Teatre Mallorquí*.—*Idil-i María Antonia Salvá*.—*Consells a un jove pintor desconegut*, Bartomeu Bauzá y Castanyer.—*Tardor, María Mayol*.—*La lluita contra la folia*, Joan J. Valenti.—*A. per la C. de Mallorca*, etc.

BOLETIN DE LA SOCIEDAD CASTELLONENSE DE CULTURA, t. XII, 1931, q. V.

SUMARIO: *La Ilépola de Catalina*, por A. Sánchez Gozalbo.—*El creténico de La Ilépola*, por Vicente Sos.—*La Duda*, por B. Artola Tomás.—*Exposición morellana de arte*, por Manuel Millán.—*Carta-puebla de Benasal*.—*Carta aclaratoria de la venta de Culla al Temple*.—*Pérez Bayer i les inscripciones ibéricas i hebreicas de Molvedre*, por F. Mateu i Llopis.—*Así*, por R. Catalá Lloret.—*Estudios de derecho foral valenciano: las segundas nupcias de la viuda*, por Honorio García.—*Pluja i anhel*, por B. Estella.—*El templo de la Virgen de los Desamparados*, por Vicente Traver.—*El río*, por E. Soler Godes.—*L'Art novell*, por B. Artola.—*Notas bibliográficas. Noticias*.

Id. Cuaderno VI.

SUMARIO: *Un trattato di Mascalia del sécolo XV in lingua catalana*, por Antonio Gasparetti.—*El Dr. Domingo Brian y Sanch* por Domingo Llopis Sagarrá.—*La venta del castello de Culla*.—*Esclat*, por B. Artola Tomás.—*Escarceos iconográficos*, por Leandro de Saralegui.—*El «Libre de Privilegis de Caté»*, por Juan Puig.—*Ventall*, por Carles Salvador.—*La primitiva Plaga de Castelló*, por Joan Porcar.—*Encís*, por E. Soler Godes.—*Mossen Gudiol — La ermita de Santa Bárbara en Villahermosa*, por P. Medall Benages.—*Per la nostra llengua*, por Salvador Guinot.—*Bibliografía*.

ANALES DEL CENTRO DE CULTURA VALENCIANA, Septiembre-Diciembre, 1931.

SUMARIO: Martinez i Martinez, *Aniversari 300 de la mort de Guillem de Castro*.—*Martí Grajales, Bio-bibliografía de Guillem de Castro*.—*Beneito i Pérez, Documents per*

*a l'estudi del dret privat valencià al 700.* — Foguès, *Las inundaciones de la Ribera.* — *Miscelánea.* — *Bibliografía.* — *Revista de Revistas.*

BREIZ ATAO, Rennes  
Novembre, 1931.

**T**RAI: *Hier et demain*, F. Debauvais. — *L'Action de demain et les Jeunes*, D. K. Kongar. — *A propos de War Zao*, Un Membre du C. D. — *Une Lettre*, O. M. — *Dre bevar c'horn Breiz.* — *Dre bevar c'horn ar bed.* — *Buher an Emzao.* — *Une semaine de propagande.* — *\*Diner ar Vro\**. — *Al Levriou.*

Decembre, 1931.

**T**RAI: *Ménoiou eur vroad*, Divi Kenan Kongar. — *Le Rang de la Bretagne en Europe.* — *Parlons des Vannetais*, L'Indépendant, E. Keralban. — *Au Pays Basque*, D. G. — *Une oeuvre du nord*, S. L. Bodiger. — *A propos de War Zao.* — *Dre bevar c'horn Breiz.* — *Dre bevar c'horn. Ar Bed Keltiek.* — *Dre bevar c'horn ar bed*, etc.

LA BRETAGNE FEDERALE, Rennes.  
Décembre, 1931.

**S**OMMAIRE: *La Paix*, Morvan Marchal. — *Le Doryphora*, Goulven Maseas. — *Les pieds dans la lande*, Pelo de Bettou. — *Echos*, etc.

Janvier, 1932.

**S**OMMAIRE: *Sur l'Union*, Ronan Klec'h. — *Le Congrès de St. Malo.* — *Les pieds dans la lande*, Pelo de Bettou. — *Dalc'h Sonj*, Ar Floc'hic. — *Echos*, etc. — *Chronique de la Ligue.*

A NOSA TERRA  
1.º Decembro, 1931.

**S**UMARIO: *Ao decorrelar os días.* — *O de sempre*, R. Otero Pedrayo. — *Irmandade da Cruña.* — *Novas de Causa.* — *O senso creacional da autonomia*, V. Paz-Andrade. — *Xunta (poesía)*, Florencio Delgado Gurriarán. — *O porvir dos partidos republicanos en Galicia.* — *Confianza no porvir*, Plácido R. Castro. — *Follas novas.* — *A Fala (poesía)*, Eduardo Pondal.

1.º Xaneiro 1932.

**S**UMARIO: *Ao decorrelar os días.* — *Ao començar o ano*, Francisco F. del Riego. — *Asamblea de Pontevedra.* — *Programa do Partido Galeguista.* — *As conferencias da Irmandade: a de Plácido R. Castro; a de Leandro Carré.* — *Propaganda galeguista.*

BROTÉRIA  
Fevereiro, 1932.

**S**UMARIO: Domingos Mauricio, *Luz no can-de labro.* — Paulo Durão, *O seiscentismo literário.* — Luis G. de Acevedo, *Despois da morte de Sancho II.* — Abilio Martins, *O Reio.* — Luis Chaves, *Cruzeiros de Portugal.* — E. Lombart, *Uma grande reforma de Pio XI.* — Alves de Lema, *A Exposição Vergiliana da Biblioteca Nacional de Lisboa.* — *Notas e factos.* — *Revista de Revistas.* — *Bibliografía.* — *Obras recibidas na redacção*

PORTRUGALE  
Nobre. Dbro, 1931.

**S**UMARIO: *Entre o lírico e o épico*, Jacques Raimundo. — *Cabeça de estudo* (folha solta) Victorino Ribeiro. — *Nas Nurtas*, Ferreira Soares. — *O pintor António Carneiro*, Vila Moura. — *A propósito de un retrato de Wellington*, gravado por Bartolozzi, Henrique de Campos Ferreira Lima. — *Varios.* — *In memoriam*, Magalhães Lemos, José Bahia Junior. — *Bibliografía.* — *Novidades.* — *Vida Académica.* — *Res et Verba.*

REVISTA DE ESPIRITISMO  
Lisboa, Setembro-Outubro, 1931.

**S**UMARIO: *A discutida mediumnidade da Sra. Duncan*, Faure da Rosa. — *As pancadas batidas*, Gabriel Gobron. — *A Divina Lei da Reincarnação do Espírito culpado*, Gamaliel. — *O 4.º Congresso Espírita Internacional* — *Revista das Revistas.* — *Uma explicação científica da hipótese esperita*, Dr. V. Belin. — *Uma esplêndida sessão experimental com o médium Rudi Schneider.* — *Inquérito XV*, De Vitor Sacavem. — *Crónica Estrangeira*, Isidoro Duarte Santos. — *Noticiario.* — *Subscrição.*



## A hixiene dos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meicinás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
UNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro

MERQUE VOSTE DE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MAIS DURA QUOS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.  
VÉNDENSE EN TODOL OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE -- OURENSE

**Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo**

SANTIAGO DE GALICIA  
DE LOS PROFESORES

**D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva**

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimento dotado de todol os elementos que exixen  
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas  
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

— Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Direitores ou o Médico interno

**FOTOGRABADO**

Si quer quos seus fotograbados sexan o mais perfeito posíbres, convenlle envialos aos  
**Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

➤ A sua biblioteca non será  
unha biblioteca galega,  
mentras non adequira as  
obras editadas por

**NÓS**

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA  
HORTAS, 20 SANTIAGO